



TIPOS DE SOCI@S

Serán **socios honorarios** aquelas persoas ás que a asemblea xeral confira esta distinción e terán un posto de referencia nos actos oficiais da sociedade.

Son **socios familiares** todas aquelas persoas que dependen economicamente dun socio de número e convivan con él no mesmo domicilio.

Os menores de 18 anos clasificaranse como **socios aspirantes**, tendo dereito ó uso das instalacións sociais mediante a cota que se fixe e pasarán automaticamente a ser socios de número ó cumpriren a maioría de idade.

Socios de Número

Son socios de número todas as persoas maiores de idade que satisfagan a cota social establecida pola Asemblea Xeral. Distínguense:

- **Equipo de Competición**

Mellora a túa saúde formado parte do noso equipo de competición onde serás atendido por **técnicos altamente cualificados capaces de adaptar os adestramentos ás túas necesidades**. Sempre que sexan convocados polos técnicos do club poderán participar nas diferentes regatas de carácter internacional, nacional, autonómico e provincial.

- **Equipo de Lecer**

Ofertaranse distintas actividades co fin de que os nosos socios utilicen **a piragua como medio de entretemento na súa particular maneira de manterse en boas condicións físico-emocionais**. O control do padexo, -si o precisan-, así como a organización de actividades específicas para ese tipo de asociados, como saídas a distintos contornos naturais para gozar dun paseo en piragua ou realizar outras actividades na natureza, conformaran o groso do programa.

- **Socios protectores**

Colaboran a través da súa cota co sostemento económico do club. O seu interese co club non se centra na práctica deportiva persoal, aínda que o club ofertará actividades de maneira puntual e gratuíta para estes socios.

Participantes nas actividades Firrete-Aventura e Firrete-Fitnees

Aquelas persoas que se inscriben nas actividades que se ofertan a través do **programa Firrete-Aventura** ou do **programa Firrete-Fitnees**. A súa vinculación co club pérdese unha vez que remata a actividade á que se apuntou.

Empresas colaboradoras

Teñen consideración de socios de protectores á hora de realizar actividades deportivas no club; o seu interese radica na axuda económica para poder desenvolver os nosos programas deportivos.



COTAS SOCI@S 2018

Soci@s de número: Equipo de Competición

Pagamento anual	180 €
Pagamento cuatrimestral (febreiro, xuño, outubro)	60 €

* O aboamento da cota por parte dun socio do Equipo de Competición estende todos os dereitos do mesmo a aquelas persoas que dependan economicamente do titular que efectúa o pago da cota e convivan con el no mesmo domicilio.

*O club abonará o custo da licenza ós deportistas con permanencia no club superior a 12 meses.

Soci@s de Número: Equipo de Lecer

Pagamento anual	180 €
Pagamento cuatrimestral (febreiro, xuño, outubro)	60 €

* Os socios do Equipo de Lecer que desexen facer a Licenza deportiva correrán cos gastos da mesma.

Soci@s de número: Protectores

Pagamento anual	20 €
------------------------	-------------

Participantes no Programa Firrete-Aventura e Programa Firrete-Fitnees

*Cotas segundo actividade elixida.

Empresas colaboradoras

*Cota Anual

Firrete Ouro	60 €
Firrete Prata	40 €
Firrete Bronce	30 €
Firrete Ouro (con anagrama en publicidade)	100 €
ROTULACIÓN FURGONETA CLUB (Anagrama de empresa)	300 €

Vantaxes:

*Ademais das propias de socio protector:

-Publicidade na páxina web do Club.

-Publicidade na Instalación do Club.

-Publicidade en Baixada do Eume en Piragua

//Megafonía en meta e entrega de trofeos.

//Revista e/ou folleto conmemorativo da regata.

